



ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO "ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS E VÍAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI", SUBSACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E LICITADORES ADMITIDOS.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, ás dez horas e quince minutos do día 6 de xuño de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente.

-Vogais:

Alejo Ordóñez Méndez, funcionario en quen delega o interventor do concello.

Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.

Fabián Barreiro González, enxeñeiro técnico municipal.

Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada de Deportes.

Secretario:

José Ángel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

Con data 22 de maio de 2017, procedeuse á apertura do sobre nº 1 correspondente á documentación administrativa e a vista da documentación presentada polos licitadores, acórdase pola Mesa de Contratación o seguinte:

1º.-Requirir á empresa "**Innovalia Asesores, S.L.**", con enderezo e C/ Catedrático Ferre Vidiella, 13bajo Der. 03005 (Alicante) aos efectos de subsanación da declaración responsable que non se achega debidamente asinada, concedéndolle un prazo de tres días hábiles.

2º.-Requirir á empresa "**Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones S.L.**", con enderezo en c/ Velázquez Moreno, nº 9-3ªplanta, oficina 307, 36201-Vigo, para que acredite suficientemente que posúe un obxecto social ou ámbito de actividade no que estea comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato, concedéndolle un prazo de tres días hábiles.

3º.-En base ao disposto non artigo 146.4. parágrafo 2º, que dispón: "*En todo caso o órgano de contratación, en orden a garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calquera momento anterior a adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato*", requirir ao licitador **D. Manuel Cañas Mayordomo**, con domicilio en Calle Tomás de Aquino, nº 14 C.P. 14004 Córdoba, para que acredite que posúe a solvencia económica, técnica e profesional requirida no prego de cláusulas administrativas na cláusula 7ª, para dita contratación, e que así mesmo acredite a disposición dos medios persoais mínimos esixidos pola cláusula 8ª, 13ª e concordantes do PCAP. Requirirlle así mesmo, que acredite a alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato de acordo co sinalado na cláusula 17ª do PCAP. Concedéndolle ao efecto un prazo de tres días hábiles.

Con data 29 de maio de 2017 a empresa **Innovalia,S.L.**, aporta no rexistro xeral do Concello declaración responsable segundo modelo anexo I con sinatura orixinal.

Con data 29 de maio de 2017 a empresa **Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones, S.L.**, aporta no rexistro xeral do Concello escrito declaración acerca do obxecto social da sociedade. No que declara "*Que o obxecto social da sociedade "Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones S.L." inclúe as Asistencias Técnicas e a Execución de Inventarios de Camiños e Vías ó ser estas redes unha infraestrutura, e estar incluídas como Proxectos de Infraestruturas.*"

Con data 30 de maio de 2017 o licitador **D. Manuel Cañas Mayordomo**, aporta no rexistro xeral do Concello documentación co fin de subsanación de documentación correspondente á apertura de sobre nº 1, na que adxunta os documentos presentados en Facenda correspondentes a certificación de situación censal, declaración anual de IVA dos exercicios 2016, IRPF exercicio 2015, IRPF 2014; así como certificado individual de seguro da empresa aseguradora Mapfre; certificado da Delegación da AEAT en Córdoba de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT; Certificado da TGSS de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por debedas xa vencidas coa Seguridade Social. Escrito asinado polo licitador de Compromiso de adscripción de medios; Declaración responsable. Persoal técnico; curriculum vitae do persoal técnico; Solvencia técnica. Relación de servizos; e por último documento de Descrición das instalacións e equipos técnicos.

Unha vez examinada polos membros da Mesa de contratación a documentación achegada polas empresas requiridas, os mesmos acordan por unanimidade o seguinte:

1º.-En relación coa empresa **Innovalia, S.L.**, a Mesa de Contratación considera que ten subsanado o defecto de falta de sinatura orixinal, e en consecuencia, acordala súa admisión no procedemento de licitación.

2º.-Respecto á empresa **Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones, S.L** a Mesa de Contratación constata que este licitador non subsana axeitadamente a documentación requirida por canto o obxecto social da empresa especificado no escrito de subsanación achegado, que consiste so nunha declaración, non acredita que está comprendido inequivocamente o obxecto social ou ámbito de actividade da empresa no requirido para o presente contrato, en consecuencia, a Mesa de Contratación acorda excluír a esta empresa do procedemento de licitación.

3º.-Respecto ao licitador, **D. Manuel Cañas Mayordomo**, da documentación achegada a Mesa de Contratación conclúe que o licitador non subsana axeitadamente o requirimento por canto non acredita a solvencia técnica e profesional do licitador, en coherencia co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, apartado 3º.2 (solvencia técnica e profesional) da cláusula 7ª.4, dado que non acompaña certificados de boa execución nin relación de servizos realizados correspondentes ao mesmo tipo ou natureza da do obxecto do presente contrato, en coherencia co disposto no citado artigo do PCAP.

Así mesmo, de conformidade co estipulado na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas relativa ao compromiso de adscripción de medios, e a vista da documentación achegada, o licitador non acredita a dispoñibilidade dos medios externos alleos ao licitador, non aportando os correspondentes compromisos de participación asinados polo responsable do medio externo, no que se identifique claramente o obxecto da colaboración e a denominación do contrato en cuestión.

En consecuencia co exposto, a Mesa de Contratación, acorda excluír ao mesmo do procedemento de licitación.

4º.-De conformidade co anterior, por unanimidade, a Mesa de Contratación acorda admitir á licitación aos seguintes licitadores:

R.E. nº 3683/2017-Innovalia Asesores, S.L, de Alicante.

R.E. nº 3747/2017-Laya Gestión y Servicios, S.L., de Vigo (Pontevedra).

R.E. nº 3782/2017-Estudio Técnico Gallego, S.A., de Santiago de Compostela (A Coruña).

R.E. nº 3802/2017-Innovación, Cooperación, Cartografía y Territorio, S.L., ICARTO, de A Coruña.

R.E. nº 3808/2017-TOPAG, Gabinete de Topografía y Cartografía, Sociedad Limitada, de Tomiño (Pontevedra).

R.E. nº 3845/2017-PROCAT Ingeniería y Medioambiente, S.L., de Nigrán (Pontevedra).

R.E. nº 3849/2017-VALTECNIC, S.A., de Madrid.

De seguido exténdese a presente acta, que, trala súa lectura se asina por tódolos asistentes, do que eu secretario, dou fe.



A MESA DE CONTRATACION.

O PRESIDENTE

Asdo.: Enrique Cabaleiro González

O SECRETARIO DA MESA

Asdo.: José Ángel Fernández Rodríguez

VOGAIS:

O INTERVENTOR MUNICIPAL

Asdo.: Alejo Ordóñez Méndez
(funcionario en quen delega o
Interventor municipal)

A SECRETARIA MUNICIPAL

Asdo.: Pilar Fernández Alonso

OTÉCNICO MUNICIPAL

Asdo.: Fabián Barreiro González

A CONCELLEIRA DE FACENDA E URBANISMO

Asdo.: Yolanda Rodríguez Rodríguez.